

Contra as esencias

Iria Sobrino Freire

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2007]). “Contra as esencias”. *Protexa*: 1, 29.
Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/31>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2007). “Contra as esencias”. *Protexa*: 1, 29.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

CONTRA AS ESENCIAS

[RECENSIÓN DO LIBRO DE DANIEL SALGADO *ÉXODO*, 2006]

Iria Sobrino Freire

O poema non ten comezo nin fin. Discorre como a vida nunha mañá de mercado, como o mundo nun solo de Coltrane. Ou sexa, mete os pés na lama, gasta os zapatos, nunca se detén.

O *Éxodo* de Salgado mostra as pegadas dun percurso individual: as gabetas do avó contendo os obxectos da historia (fotografías, o carné do sindicato, unhas chaves que xa non abren nin pechan, recortes de xornal) e o relato do momento mesmo da partida, no que o fillo dos emigrantes ve o mar por vez primeira. Pero o individual vira en colectivo, e así sabemos dos anos do traballo que non cesa e do retorno ao país natal con saudades e cartos no peto. E así asistimos á denuncia da escravitude, da desmemoria, do subdesenvolvemento.

Vivimos tempos de revisionismo histórico, de conmemoracións e homenaxes póstumas. Hai ocasións nas que, con toda seguridade, é preciso revisar, conmemorar e homenaxear, pero ás veces a repetición mata inevitabelmente o sentido, e o politicamente correcto acaba por desvirtuar a xustiza da corrección. Non é este, por certo, o caso do último libro de Daniel Salgado. Aquí o discurso é acontecemento, e non palabras gastas polo (mal) uso: non se fan concesións ao panexírico, nin á elexía, e moito menos á epopea. Malia a súa referencia a un feito pasado documentábel, o poema acontece no presente e fala do presente, da necesidade de nomearmos, primeiro, e de corrixirmos, despois, “o que agora somos”. O traballo, a desterritorialización da identidade, a dignidade humana, as fuxidas posíbeis: velaquí as cuestións que nos devolven estas páxinas e que nos convidan a actualizarmos nas nosas coordenadas.

Quedan abertas moitas portas e xanelas, lugares que poderán e deberán ser ocupados por outros discursos, por outras accións. O poema nada pecha, pero ao mesmo tempo constitúe unha firme toma de posición. Dicur *éxodo* é pensarnos desde a fractura, desde a mudanza; é afirmar: non hai esencias nin pasado mítico ao que remontarse e, polo tanto, non hai tampouco dereitos atávicos sobre ningún anaco de terra. A orixe dos pobos antillanos –escribía Edouard Glissant– é o ventre do barco que transportaba os escravos, non a negritude, non a *nai África*. E nós, di Salgado maxestaticamente, “non admitimos lique no relato da nosa fundación, / reforzamos, a través dos libros e do sangue / o todo flúe, a panxea”. (Iso que Glissant, falando en prosa, chamou *dixénese*.)

A poética de *Éxodo* é tamén unha posición política: o desinterese por cantar a rosa ou mesmo por facela florecer, a renuncia explícita á eternidade do verso. O poema, moi ao contrario, deixa fíos soltos, ensínanos as costuras e asúmese imperfecto: poema en construción, poema máis comentario, poema sucio. Sen comezo nin fin, sen orixe. Aproveitando as fendas do discurso. Contra as esencias.